

REUNIÓN DA MESA SECTORIAL PERSOAL FUNCIONARIO 10.07.2025 CRONOLOXÍA PUBLICACIÓNS EN DOG MES DE XULLO

PROPOSTA DE RESOLUCIÓNS DE CONVOCATORIA PROCESO SELECTIVO OPOSICIÓN E PROMOCIÓN INTERNA

- ✚ Subgrupo A1, escala de ciencias, especialidade de ciencias do mar
- ✚ Subgrupo A1, escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros, especialidades de pesca marítima, bioloxía pesqueira, navegación marítima, máquinas e instalacións mariñas, inglés marítimo, formación e orientación laboral e procesos sanitarios.

OPOSICIÓN

- ✚ Subgrupo A2, escala de mestres de taller de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros, especialidade de máquinas e produción.

UGT leva tempo solicitando se cambie, con carácter xeral, o **sistema de proceso selectivo por oposición polo de concurso oposición**, non pode ser que a **experiencia por servizos prestados non conte para o acceso o Emprego público**, e **tampoco que se limite a promoción interna polo que demandamos negociar un novo modelo de promoción interna** que faga posible exercer ese dereito de forma efectiva.

Dende o remate do Acordo de estabilidade asinado por UGT, anterior as convocatorias de procesos coa Lei 20/2021, a Administración presenta sucesivas propostas de Resolucións de convocatorias, voltando a oposición pura e dura e limitando ao 25% a promoción interna.

CRONOLOXÍA PUBLICACIÓNS DOG MES DE XULLO

A DXEPAP informa das previsións de publicación en DOG no mes de xullo

1. Información concursos de traslados

Nº concurso	Concurso traslados	Publicación DOG
F0124	Escalas do Servizo de Gardacostas	Adxudicación postos 14/07/2025
F0324	Escala Enxeñaría- Ciencias – Arquitecturas (*)	Adxudicación postos 11/07/2025
F0125	Profesores/as e mestres/as Institutos marítimo-pesqueiros	Baremo PROV 14/07/2025
F0325	Escala Persoal Veterinario	Convocatoria 09/07/2025



Nº concurso	Concurso traslados	Publicación DOG
F0425	Escalas Laboratorio, mantemento, limpeza, cociña, recursos naturais	Convocatoria 16/07/2025
F0525	Escalas Persoal Facultativo	Convocatoria Segunda quincena xullo

(*) Concurso enxeñaría, ciencias, arquitecturas F0324

Publicación progresiva das resolucións de elección de destino, comenzando por A1 enxeñaría Montes e, posteriormente A2 enxeñaría Forestal e as restantes escalas do concurso.

Unha única resolución na que se indicará a data de cese e prazos para a toma de posesión.

2. Validación de méritos relativos a persoas inscritas en concursos convocados ou pendentes de convocar

Unha vez rematado o prazo de inscrición dos concursos, antes da apertura do prazo de acreditación de méritos e selección de postos, validaránse os méritos acreditados das persoas inscritas que están pendentes de validación.

3. Procesos selectivos persoal SPDCIF

Modificación da data de realización do primeiro exercicio dos procesos selectivos de persoal laboral SPDCIF, este exercicio realizarase o 28/02/2026. Esta modificación do calendario de procesos selectivos informouse no consello da Xunta do 07/07/2025.

Grupo/Categoría	Denominación	Convocatoria DOG	Prazas convocadas	Data 1º exercicio
III. 100	Bombeiro/a forestal. Xefe/a de brigada	Última semana agosto	71	28/02/2026
V. 14	Bombeiro/a forestal	Última semana agosto	181	28/02/2026
V. 14 A	Bombeiro/a forestal. Conductor/a	Última semana agosto	75	28/02/2026

4. Procesos selectivos das escalas técnica e auxiliar de cociña e da escala auxiliar de coidadores cuxa convocatoria publicouse no DOG do 30/06/2025.

No DOG do 14/07/2025 publicarase unha modificación da convocatoria dos procesos selectivos das escalas técnica e auxiliar de cociña e da escala auxiliar de coidadores para incluír no apartado *II.1.1.1 Primeiro exercicio* o parágrafo que se indica a continuación:

Proceso selectivo subgrupo C1 escala técnica cociña

As persoas aspirantes da quenda de promoción interna estarán exentas de contestar ás preguntas da parte común do programa, polo que contestarán unicamente ás sesenta e cinco (65) preguntas da parte específica e ás correspondentes preguntas de reserva.

5. Procesos selectivos subgrupo C2 escala auxiliar de cociña e escala auxiliar de coidadores

As persoas aspirantes da quenda de promoción interna estarán exentas de contestar ás preguntas da parte común do programa, polo que contestarán unicamente ás sesenta (60) preguntas da parte específica e ás correspondentes preguntas de reserva.

VIARIOS

UGT Servizos Públicos de Galicia

Tlfo: 981 572 820

galicia@ugt-sp.ugt.org

<https://galicia.ugt-sp.es>



Se solicita a DXEPAP que se resolva o incidente coas **vacacións do persoal técnico de incendios** en Ourense que subsume os días de saída de garda, e se unifiquen os criterios para evitar se repita esta situación, e se insiste en que non se reúne a Comisión de seguimento do Acordo solicitada dende hai un ano.

